



Tomás Boullosa Moure, concelleiro, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no próximo pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 31 de outubro de 2007 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Memoria Histórica.

A lei prevé nunha das disposicións sobre a simboloxía franquista que os escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación persoal ou colectiva do levantamento militar, da Guerra Civil e da represión da ditadura deberán ser retiradas dos edificios e espazos públicos. A retirada non será de aplicación cando [...] concorran razóns artísticas, arquitectónicas, ou artístico-relixiosas protexidas pola lei, á cal se poderá aplicar a igrexas.

No concello de Vilaboa permanecen, na actualidade, símbolos da represión que padeceron veciños e veciñas, e hai presenza de escudos falanxistas en algúns lavadoiros e fontes, así como outros edificios públicos.

Por todo isto SOLICITA:

Primeiro. O Concello de Vilaboa retirará toda a simboloxía franquista dos edificios e espazos públicos de Vilaboa.

Vilaboa, 10 de outubro de 2008.

Tomás Boullosa Moure

SR. ALCALDE DE VILABOIA